



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 • 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 • Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es • www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA DEZASETE DE XULLO DE DOUS MIL DOCE

ASISTENTES:

Presidente:
D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

D.^a MARINA BOUZA COUCE
D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ
D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ
D. FERNANDO VILAR DÍAZ

SECRETARIO:

D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesións desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día dezasete de xullo de dous mil doce baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnense os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

Disculpan a asistencia os Sres. Concelleiros/a D. Francisco Javier Bouza Bermudez, D.^a Olga María Blanco Teijeiro, D. Marcos Rodríguez Calvo e D. Juan Puentes Calvo.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA VINTE E TRES DE XUÑO DE DOUS MIL DOCE. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e tres de xuño de dous mil doce.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 2/2012. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde - Presidente ao Pleno da corporación da redacción do expediente de modificación de créditos (transferencia de créditos) número 2 /2010, por importe de 20.231,56€ das partidas 2012.4.62 á partida 2012.4.61, por importe de 8.231,56€, en concepto de IVE por obras a realizar subvencionadas pola Consellería do Medio Rural e do Mar e da partida 2012.2.22 á partida 2012.9.22, por importe de 12.000€, para gastos correntes da mesma.

O mencionado expediente de modificación de créditos foi informado favorablemente por unanimidade na Comisión informativa de asuntos do pleno realizada o derradeiro día doce de xullo de dous mil doce.

Sen producirse debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres./a Concelleiros/a asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o expediente de modificación de créditos 2/2012, debendo aplicarse os suplementos de crédito de acordo co seguinte cadro:

CAPITULO	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	TRANSFERENCIAS POSITIVAS/NEGATIVAS	FINANCIACIÓN REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA	SUPLEMENTO XERAC.DE CRÉDITO	TOTAL CONSIGNACIÓN RESULTANTE
I Gastos de persoal	351.877,77€				351.877,77€
II Gastos en Bens Correntes	550.014,20€	+12.000,00€ -12.000,00€			550.014,20€
III. Gastos Financieros	2.000,00€				2.000,00€
IV. Transferencias correntes	30.500,00€				30.500,00€

VI. Investimentos Reais	275.000,24€	+8.231,56€ -8.231,56€			275.000,24€
VII. Transferencias de Capital	0,00€				0,00€
VIII Activos financeiros	0,00€				0,00€
IX Pasivos financeiros	16.039,10€				16.039,10€
TOTAL	1.225.431,31€	+20.231,56€ -20.231,56€			1.225.431,31€

2º. Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no Boletín oficial da provincia e taboleiro de anuncios do concello, polo prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións.

3º. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva de anuncio no BOP.

3. PROPOSTA DA ALCALDÍA. NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO PARA O CARGO DE PRESIDENTE DO MUSEO ETNOGRÁFICO DA CAPELA. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente ao pleno da corporación da proposta desta alcaldía de data dez de xullo de dous mil doce, referente ao nomeamento para cubrir a vacante do posto de presidente que ten o concello no padroado do museo etnográfico da Capela.

A proposta foi informada por maioría favorablemente na Comisión Informativa de asuntos do pleno realizada o derradeiro día doce de xullo de dous mil doce.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para reiterar a abstención do seu grupo, no sentido de que había distintas formas de proceder ao nomeamento deste cargo e máxime nos tempos que están a correr que supoñen que o equipo de goberno debería abrirse un pouco máis nestes asuntos.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, reiterase asimesmo o voto favorable do seu grupo á proposta da alcaldía.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por maioría de votos (4 votos a favor dos Sres./a Concelleiros/a dos grupos municipais do P S de G - PSOE e AIAC e 1 abstención do Sr. Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular), adopta o seguinte acordo:

1º. Nomear representante do concello para a presidencia do padroado do museo etnográfico da Capela ó Alcalde-Presidente, D. Manuel Meizoso López.

2º. Notificar o mencionado acordo ao padroado do museo etnográfico da Capela aos efectos oportunos.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas dez minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,



Manuel Meizoso López

O Secretario,



José A. Meizoso Paz